


CONTEXTO XEOLÓXICO

A conca sedimentaria do Limia comezou a formarse durante a oroxenia alpina, hai aproximadamente 70 millóns de anos, e continúa evolucionando ata a actualidade. Na gran chaira que ocupaba o noroeste da Península Ibérica nese tempo, a colisión da placa africana coa península provocou a fracturación da superficie en bloques, dos cales algúns se elevaron máis ca outros. A conca do Limia está formada por un conxunto de bloques que se elevaron menos que os dos seus arredores.

Cando un bloque se eleva uns poucos milímetros por ano respecto dos veciños, a súa superficie erosiónase e os materiais resultantes son transportados polos cursos de auga cara aos bloques máis baixos, onde se acumulan.

A parte superior deste recheo sedimentario corresponde ao Holoceno, é dicir, aos últimos 12.000 anos, polo que é xeolóxicamente moi recente. A parte inferior, que nalgúns puntos supera os 200 metros de profundidade, non está datada, pero polas similitudes con outras concas sedimentarias galegas estímase que podería ter uns 4 millóns de anos de antigüidade.

O recheo está composto por materiais erosionados das zonas circundantes ao longo de millóns de anos: area grosa, area fina, limos e arxilas. A uns 30 metros de profundidade aparece unha capa continua de arxila, e arredor dos 90 metros destaca a presenza dunha capa moi fina de carbón tipo lignito.



O mapa xeolóxico da zona, modificado a partir do Visor GEODE do CN IGME-CSIC, mostra en tons grises os materiais sedimentarios que enchen a conca. Fóra dela, nas zonas máis elevadas, predominan os granitos —representados en cores rosadas— e tamén aparecen diversas rochas metamórficas, identificadas en verdes e marróns.

A fotografía amosa as sucesivas capas de area que conforman o recheo da conca sedimentaria.

A comarca da Limia, tras a desecación da Lagoa de Antela, converteuse nunha zona de grande riqueza agrícola, especialmente dedicada ao cultivo da pataca e dos cereais, actividade que se complementa coa extracción de áridos. O Imperio Romano, hai uns 2.000 anos, xa intentara desecar a lagoa para dedicar aquelas terras á agricultura, pero fracasou, así como outros intentos posteriores.

A chaira, case perfectamente plana, mantense debido ao baixo poder erosivo do río Limia, que drena toda a conca. O seu caudal é tan baixo que aínda non foi capaz de erosionar as formacións graníticas que pechan a conca polo suroeste e, en consecuencia, tampouco puido modificar a chaira formada pola acumulación de sedimentos.



A roteiro comeza no observatorio de aves que o Concello de Sandiás construíu xunto a un dos ocos mineiros restaurados. O acceso realízase desde o quilómetro 3 da estrada comarcal que une Xinzo de Limia con Celanova.

EPSG: 25829 602467 4659007; Coordenadas polares: 42,076455° -7,761266°

PRECAUCIÓN:

Zona mineira. É perigoso camiñar fora do roteiro fixado. En tramos de pistas circular pola esquerda e atento ao tráfico.



ROTEIRO POLAS AREEIRAS DA LIMIA



A conca sedimentaria da Limia, situada no centro da provincia de Ourense, estivo parcialmente inundada pola lagoa de Antela ata finais da década de 1950. Tras a súa drenaxe, extraeuse da zona area de alta calidade destinada á construción. A extracción de area provoca que os ocos mineiros se inunden rapidamente, ao atoparse sobre un acuífero altamente permeable, como o desta comarca. Na Limia pódese observar con claridade a rapidez coa que a natureza se adapta ás transformacións do medio, creando novos espazos cun elevado nivel de biodiversidade.

Percorrido: 8,3 km (roteiro circular) / Altitude máxima: 618 msnm / Altitude mínima: 610 msnm / Dificultade: baixa

Co apoio de:

PARADAS



Carro e rapaces nunha barca dentro da lagoa, 1957



Canle de drenaxe da Lagoa de Antela

1. CANLE DE DRENAXE DA LAGOA DE ANTELA E OCO MINEIRO RENATURALIZADO

EPSG: 25829 601764 4659665; Coordenadas polares: 42,082462° -7,769651°

Neste punto observamos a canle principal de drenaxe da antiga Lagoa de Antela, construída en 1959. Grazas a ela mantéñense secos os 40 quilómetros cadrados que outrora ocupaba a lagoa. A profundidade daquela masa de auga era moi baixa —entre un e dous metros— e variaba considerablemente segundo a época do ano.

Ao continuar pola pista que discorre paralela á canle, aparecen a ambos lados diversos ocos mineiros abandonados que, co paso do tempo, foron renaturalizándose. Hoxe semellan auténticos lagos naturais e acollen unha elevada biodiversidade. Constitúen un refuxio para numerosas aves, como os lavancos reais, as cercetas comúns, os pernileiros, as garzas reais, as garzas da noite, as cegoñas, as avefrías e os sisóns pequenos. Tamén é frecuente atopar unha gran variedade de anfibios e réptiles. En canto á flora, destacan as espadanas, os lirios e os xuncos.

O proceso de renaturalización foi completamente espontáneo nalgúns destes espazos, mentres que noutros se realizaron intervencións puntuais para facilitalo.

2. ZONA DE EXPLOTACIÓN MINEIRA. DRAGA DE EXTRACCIÓN E NORA

EPSG: 25829 600125 4658329; Coordenadas polares: 42,070645° -7,789694°

Esta é unha zona de extracción de area de gran groso, moi valorada para a fabricación de formigón e asfalto. Unha das súas principais vantaxes é o tamaño de gran bastante uniforme e a escasa presenza de materiais finos, como limos e arxilas. A súa mineraloxía está composta maioritariamente por grans de cuarzo e, en menor medida, por grans de feldespato e fragmentos de rocha formados por ambos minerais. Esta composición indica que estas áreas proceden da erosión dos abundantes granitos que rodean a conca.

A extracción realízase mediante dragas, estruturas flotantes equipadas con grandes bombas que aspiran a area mesturada con abundante auga. A través de longos tubos, esta mestura é bombeada ao exterior do oco, onde unha nora —unha máquina rotatoria— separa a auga, a area, as pedras e a arxila. A area resultante depositase en grandes montes. A profundidade máxima á que chega a succión é de 15 metros. Tanto a posición dos barcos como a da nora vai variando a medida que avanza a explotación.



3. PLANTA DE SELECCIÓN DO ÁRIDO

EPSG: 25829 601293 4658900; Coordenadas polares: 42,075613° -7,775473°

A area véndese tal como sae da nora ou despois de ser clasificada por tamaños. A maquinaria que vemos aquí utilízase precisamente para este fin. Clasificar a area —e os áridos en xeral— por tamaño permite mesturalos en proporcións calculadas para obter a granulometría adecuada na fabricación de formigón ou de pavimentos asfálticos.

A demanda de formigón nos países desenvolvidos durante o último século foi extraordinariamente elevada. No caso de España, a produción anual sitúase arredor dos 25 millóns de metros cúbicos de formigón preparado (formigón fabricado en plantas), unha cifra que pode variar segundo o ciclo económico.



OBSERVATORIO DE AVES



EPSG: 25829 602467 4659007; Coordenadas polares: 42,076455° -7,761266°

Regresamos ao inicio da roteiro camiñando entre ocos mineiros en diferentes estados de renaturalización, segundo o tempo que levan inactivos. Dependendo da época do ano e da hora do día, é posible observar máis ou menos aves. Estes animais non se amosan especialmente asustadizos ante a actividade mineira: están afeitos ao paso de camións e maquinaria, que non parece incomodalos, o que demostra a súa notable capacidade de adaptación. De volta no observatorio de aves —que recrea unha das construcións tradicionais da zona mediante o uso de terróns— podemos comprender mellor como se formou esta paisaxe tan singular e como chegou a converterse nun espazo único pola súa biodiversidade.

MIRADOIRO DO PICO COSTOIRA

EPSG: 25829 601180 4663082; Coordenadas polares: 42,113288° -7,776121°

A uns dez minutos en coche do punto de inicio e fin da roteiro atópase o miradoiro do Pico Costoira, desde o que se obtén unha ampla vista de boa parte da conca do Limia e da zona das areiras. É un lugar privilexiado para comprender a extensión da chaira, a disposición dos antigos ocos mineiros e a magnitude da transformación da paisaxe ao longo do tempo.



CENTRO DE INTERPRETACIÓN DA LAGOA DE ANTELA

EPSG: 25829 602786 4662822; Coordenadas polares: 42,110769° -7,756614°

A uns cinco quilómetros do observatorio de aves, na localidade de Sandiás, detrás do edificio do Concello, atópase o *Centro de Interpretación da Lagoa de Antela*. Neste espazo pódese aprofundar no coñecemento da fauna e da flora da comarca, así como nas tradicións locais e na historia da lagoa de Antela e do proceso da súa desecación.

